



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA
07 DE FEBREIRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas anteriores
- 2.- Cronoloxía das xuntanzas ordinarias durante o ano 2014
- 3.- Información das actuacións feitas dos orzamentos participativos
- 4.- Información sobre as actuacións que se van a facer na parroquia durante o ano 2014
- 5.- Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidente: Cándido Vilaboa Figueroa

En representación dos grupos municipais:

- José Luis Villaverde Campos polo PP
- Luisa Cayetano polo AER

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande
- Francisco Fervenza Otero
- Claudino Rodríguez Gómez

Como representantes da Comunidade de Montes:

- Generosa Leirós Barreiro
- María José Fabre Fervenza

Como representantes da comunidade de augas:

- Francisco Javier Sánchez Martínez
- Bernardo Casas Montero

En representación das ANPAS escolares:

- Marisa Vilaboa Gómez
- Julio César Fernández Barreiro

Non asisten nin excusan a súa ausencia

En representación dos grupos municipais:



CONCELLO DE REDONDELA

- Paula Campo Camiña polo PSOE
- Xoan Carlos González Campo polo BNG

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

Incidencias: O Sr. Sánchez Martínez incorpórase á xuntanza ás vinte horas e vinte e catro minutos.

No CEIP de Quintela, a sete de febreiro de dous mil catorce, previa convocatoria reuníronse os/as membros do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia do Sr. Vilaboa Figueroa, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión sendo as vinte horas e sete minutos, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación das actas anteriores –

O presidente da conta das actas das xuntanzas deste consello parroquial do 25 de setembro e 16 de outubro do ano 2013.

O Sr. Fervenza Otero di que non está de acordo coa acta do 25.09.2013 e pide que se corrixa a mesma, xa que na páxina tres, parágrafo cuarto di "...tamén mostra a súa disconformidade con esta última actuación ..." cando debería dicir "que mostra a súa conformidade..."

Por unanimidade dos asistentes apróbanse ditas actas coa corrección realizada polo Sr. Fervenza Otero na acta do 25.09.2013.

2.- Cronoloxía das xuntanzas ordinarias durante o ano 2014

O presidente dá conta das xuntanzas ordinarias que se van celebrar durante o ano 2014. As sesións ordinarias serán cada tres meses, os primeiros venres do mes que corresponda.

O Sr. Fervenza Otero propón cambiar o horario a partir da primaveira, xa que unha das xuntanzas sería en agosto, poñelo para máis tarde.

O presidente comenta que a xuntanza de agosto se pode trasladar ao mes de setembro.



CONCELLO DE REDONDELA

As Sras. Fabre Fervenza e Cayetano coinciden en expoñer que ao terse celebrado en febreiro a primeira xuntanza, si se celebra a terceira xuntanza en setembro xa non se poderán celebrar as catro xuntanzas ordinarias que corresponden a este ano.

O presidente propón adiantar agunha das convocatorias para que se poidan levar a cabo as catro.

Os membros asistentes aproban a proposta e acordan celebrar catro xuntanzas ordinarias ao longo do ano, cada tres meses, os primeiros venres do mes que corresponda, ás vinte horas, podendo modificarse en casos puntuais o horario e o mes de celebración das mesmas.

3.- Información das actuacións feitas dos orzamentos participativos

O presidente comenta na xuntanza as actuacións feitas cos orzamentos participativos, as obras levadas a cabo no camiño da Igrexa.

O Sr. Fervenza dille que aínda faltan remates, como o pintado das barandillas

O presidente contéstalle que non se puideron realizar os remates das obras nin pintar as barandillas debido ao mal tempo.

4.- Información sobre as actuacións que se van a facer na parroquia durante o ano 2014

O presidente comunica que todo aquilo que quedou se facer o ano pasado, pódese incluír neste ano, así propón as seguintes actuacións:

- Asfaltar a parada do autobús, que non se fixo o ano anterior por non haber medios materiaisl.
- Colocación de panel informativo na parada do autobús, na Coutada.

O Sr. Villaverde pregunta qué tipo de panel

O presidente contéstalle que será informativo, para colocación de propaganda e calquera outra información como as convocatorias das reunións das distintas asociacións....., e segue coas actuacións:

- Reparación do Camiño Adro.

O Sr. Quiñones Guisande pregunta se se vai a asfaltar.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Ferverza propón asfaltar ata o paso da auga polo que haberá que avisar á comunidade de augas.

A seguintes actuacións que comenta o presidente son:

-Asfaltado do camiño da Estrada ata o núm. 9, xa que ten unha instancia pedíndoo

- Adecentar o aparcamento situado antes da Igrexa, xa que existen denuncias por verquido de lixo e escombros.

O Sr. Ferverza propón sanear a zona e realizar un verquido de terra.

O presidente contéstalle que non é posible facer recheos,

O Sr. Sánchez Martínez di que hai xente que bota escombros.

O Sr. Villaverde di que unha parte do aparcadoiro é da Comunidade de Montes e que outra parte é privado pero que alí non hai escombreira.

O presidente manifesta que non se poden botar escombros e que por iso propón o adecentamento.

A seguinte actuación serían no

- Camiño do Verdeal

O presidente di que alí meteuse unha tubería e propón botar zahorra para logo asfaltalo.

O Sr. Ferverza pregunta se no baixo do camiño non se vai anhear

O presidente respóndelle que non se pode ata que se arranxe o tema da titularidade, xa que ese último tramo figura no Catastro como que pertence a un particular, e continúa coas actuacións:

- Camiño Pontearreas

O presidente di que nese camiño hai un problema coa recollida da auga, polo que propón meter unha tubería para canalizar a auga cun sumidoiro.

-Sanear a Fonte da Faxina.

O presidente comenta que hai que limpar a tubería que vai ao manantial.



CONCELLO DE REDONDELA

5.- Rogos e preguntas

A Sra. Vilaboa Gómez solicita un espello para o cruce na baixada do colexio no camiño de San Mamede, á altura do núm. 61.

O Sr. Ferverza solicita o arranxo do punto de luz no camiño do Copiño, xa que o poste está torto.

A Sra. Fabre Ferverza pide o enganche de luces no camiño do Copiño

O Sr. Sánchez Martínez comunica que no camiño de San Mamede o asfaltado está deteriorándose, xa que hai un tubería de auga que non ten saída, á altura da arqueta de vivenda de Ipiña.

A Sra. Cayetano indica que na EN-550 hai unha curva na que sempre hai auga e que se queixan os condutores de autobuses.

O presidente contéstalle que se trataba dunha arqueta situada en Saxamonde non en Quintela que estaba atascada pero que o problema xa está resolto.

O Sr. Sánchez Martínez dá traslado dunha queixa do condutor do camiión do lixo: á altura do núm. 48, na estrada nacional no camiño Carballal coa estrada vella de Quintela, ao lado do contenedor hai uns carballos que invaden a vía pública e dificultan o manexo do camiión.

A Sra. Fabre Ferverza pregunta cómo se pode facer para que os propietarios das debesas do camiño do Copiño as limpen, xa que existe moita broza.

O presidente contéstalle que hai que denunciar o estado das fincas no concello e en moitos casos son temas de carácter civil.

O Sr. Sánchez Martínez di que as ramas das árbores invaden a estrada.

O presidente comenta que é unha estrada curta propiedade de obras públicas.

Generosa Leiros pregunta se se vai a abrir o camiño de Verdeal.

O presidente respóndelle que non é propiedade do concello, que non está recollido no Inventario municipal e que no Catastro figura a nome dun particular.

O Sr. Ferverza di que non se poder facer a pista por non ser do concello.

O presidente dille que haberá que deslindar e despois ceder.

A Sra. Fabre pregunta como está o tema da Casa da Cultura



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Sánchez Martínez pregunta pola cesión dos terreos do AVE

A Sra. Fabre di que hai unha casa con aparcamento que está en venda e que podería servir como Casa da Cultura.

O Sr. Eloy Quiñones propón os terreos onde están os invernadoiros Sánchez o de Unión Florista.

O presidente expón que a mellor opción sería atopar unha vivenda que se poidera rehabilitar como Casa da Cultura

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e quincea minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.